

FILLOS DO SOL

Escrito e dirixido por Cándido Pazó

*Elucubración teatral sobre a figura de **EDUARDO PONDAL** e a súa obsesión co monumental poema épico que ocupou toda a súa vida como escritor*

Os Eoas

A cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, **DON EDUARDO**, xa octoxenario e comesto pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas cun personaxe nacido da súa perturbación: **EDUARDO**, el mesmo cando comezaba, de mozo, a súa carreira literaria.

E, como contrapunto, a vida real e diaria representada por **ROSA**, a xove criada da pensión na que o bardo pasou a última etapa da súa vida.

No 100 aniversario da súa morte, unha homenaxe ao controvertido escritor que, con Rosalía e Curros, constituíu un dos tres pés poéticos do Rexurdimento Galego



FILLOS DO SOL

Coas súas dúas tramas entrelazadas *FILLOS DO SOL* combina momentos de reflexión, momentos de diversión e comicidade, de emoción, de reivindicación, de tenrura, de controversia...

Con ritmos cambiantes e distintas densidades e rexistros para satisfacer diferentes tipos de público

A reflexión sobre a historia e a creación literaria, sobre a lingua e a definición da identidade colectiva

A comicidade da expresión e a sabedoría popular que desdramatiza as situacións.

A emoción e a tenrura das relacións humanas

A controversia e a reivindicación dun novo tempo que, nos inicios do século XX, pugna por se abrir paso, tendo entre as súas voces sobranceiras a que reclama un novo papel da muller na sociedade



75 minutos de emotivo,
reflexivo e divertido
espectáculo

FILLOS DO SOL

Unha historia

Tres personaxes

Unha obsesión

Unha determinación

Unha mesa , unha cadeira, unha ventá,
unha cama, un lavatorio, unha porta...

Unha coidada iluminación que o salienta todo

E traballo actoral

Porque FILLOS DO SOL é por riba de todo
un elaborado exercicio de interpretación
ao servizo dun texto, dunha lingua, duns personaxes...

Ao servizo da comunicación co público

E unha música orixinal que lle dá vida sonora
ás emocións e ao ritmo escénico

Un espectáculo teatral



FILLOS DO SOL

Cándido Pazó tivo a feliz idea de desdobrar o personaxe de Pondal, noutros dous: o novo e o vello poeta Eduardo Pondal, que comparten presenza e tempo. Xorde así un diálogo que nos conduce a través da narración e afonda nos seus pensamentos. Unha xenialidade.

César Cambeiro dá fantástica vida ó vello Pondal, complementado polo novo Pondal en Adrián Ríos. Rosiña, a serventa (Alba Bermúdez), pon unha auténtica nota de cor no devir da obra.

Hai unha atmosfera cálida e agarimosa, que nos envolve todo o tempo. É un aquel risoiño que nos deixa o ánimo agradecido.

La Voz de Galicia

Na estrea a crítica
dixo cousas como

(...) un
traballo moi

coidado que merece ser visto sen prexuízos. (...) ese toque de humor fino no que Cándido Pazó é un especialista suficientemente recoñecido.

Tanto César Cambeiro (Eduardo vello) como Adrián Ríos (Eduardo mozo) amosan unha presenza forte e definida. E Alba Bermúdez (Rosa) engade luz a cada escena na que participa, no papel desa criada que se erixe como exemplo de muller loitadora e precursora dunha liberación feminina que chega ata os nosos días.

Intrusos en la Red



FILLOS DO SOL

Don Eduardo
César Cambeiro

Eduardo
Adrián Ríos

Rosa
Alba Bermúdez

Distribución

Belén Pichel
605263755
Lilian Portela
610106808

info@contraproductions.com
www.contraproductions.com

Texto
Cándido Pazó

Iluminación
Afonso Castro

Música
Guillermo Fernández

Escenografía e vestuario
Carlos Alonso

Realización Vestuario
Mila Abal

Maquillaxe
Martina Cambeiro

Axudante de Dirección
Belén Pichel

Axudante de Producción
Lilian Portela

Xefa de Producción
Belén Pichel

Dirección
Cándido Pazó

